

ACTA NÚM. 6/13

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 13 DE AGOSTO DO 2013.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día trece de agosto de dous mil trece, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abraldes

D. Roberto Rivas Reboredo.

D.^a María Xesús Castro Calviño

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Secretario accidental:

D. Serafín Abal Novoa

Non asite e non presenta excusa: Dna. Margarita Canay Pintos

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.
- 2.- INFORME CUMPRIMENTO PRAZOS SOBRE MOROSIDADE 2º TRIMESTRE 2013.
- 3.- RESOLUCION CONTRATO CONCESION EXPLOTACION MERCADILLO MUNICIPAL COA EMPRESA RIAS LACHA S.L.. ACORDO DEFINITIVO.
- 4.- CONVENIO XESTIÓN PILAS E ACUMULADORES PORTÁTILES.
- 5.- APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 6.- CONVENIO ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.
- 7.- MOCIÓNS.
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.-

Dada conta da acta de data 30.05.2013 non se formulan observacións á mesma e apróbase por unanimidade.

2.- INFORME CUMPRIMENTO PRAZOS SOBRE MOROSIDADE SEGUNDO TRIMESTRE 2013.-

Ponse en coñecimento da corporación o contido da normativa sobre morosidade que regula o prazo para o pago de facturas polas Administracións Públicas.

O art. 4 da Lei 15/2010 prevé que:

3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.

En cumprimento do disposto no art. 4 da Lei 15/2010 de morosidade, dase conta dos estadillos referidos ao primer trimestre do ano 2013:

PAGAMENTOS REALIZADOS NO SEGUNDO TRIMESTRE

DENTRO DO PERIODO LEGAL		FORA DO PERIODO LEGAL	
nº pagamentos	importe total	nº pagamentos	importe total
78	23.782,33	180	166.579,14

Periodo medio de pagamento: 39 días

Periodo de pago excedido: 11 días

FACTURAS PENDENTES DE PAGAR AO FINAL DO SEGUNDO TRIMESTRE

DENTRO DO PERIODO LEGAL		FORA DO PERIODO LEGAL	
nº de operacións	importe total	nº de operacións	importe total
35	68.333,34	2	605,33

Periodo medio do pendente de pagamento: 16 días.

Periodo medio do pendente de pagamento excedido: 21 días.

Os membros da Corporación danse por enterados.

3.- RESOLUCION CONTRATO CONCESION EXPLOTACION MERCADILLO MUNICIPAL COA EMPRESA RIAS LACHA S.L.. ACORDO APROBACION DEFINITIVA.-

Dase conta do seguintes antecedentes que constan no expediente:

1º - O Pleno do Concello de Barro en sesión de data 19 de xaneiro de 2007 adxudicou definitivamente a concesión de explotación da concesión do mercadillo a empresa Rías Lacha, S.L.U.

2º - Contrato de explotación da concesión do mercadillo asinado entre a empresa Rías Lachá, S.L.U. e o Concello de Barro en data 14-02-2007. O contrato asinado contempla na súa cláusula cuarta "Precio do contrato.- O precio da concesión queda fixado na cantidade de DOCE MIL EUROS POR ANUALIDADE (12.000,00 €), ingresadas na Tesourería do Concelo a sinatura do contrato de forma anticipada estando exenta a primeira anualidade a contar dende a sinatura do contrato.

3º - A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de data 20-02-2008 acordou entre outros, prorrogar o contrato PARA A EXPLOTACIÓN DO MERCADILLO MUNICIPAL coa empresa RÍAS LACHÁ, S.L. UNIPERSOAL (B-36489730) por un ano (1 ano) de conformidade co establecido na cláusula terceira do contrato que marca unha duración máxima de catro anos; así como requerir a empresa RÍAS LACHA, SLU para que abone ó concello de Barro o prezo do contrato asinado o 14-02-2007, que ascende a contía de DOCE MIL EUROS e según establece a cláusula cuarta e sexta.

4º - Con data 10-03-2008 foi notificado o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local de data 20-02-2008 á empresa concedéndolle os prazos para o pagamento do RD 1684/90 do 20 de decembro cando a norma en vigor sería a Lei 58/2003 de 17 de decembro.

5º - D. Gerardo Jiménez Jiménez en nome de Rias Lachá S.L presenta en data 14-04-2008 escrito no que informa da imposibilidade de pagar o canon.

6º - A Xunta de Goberno Local en data 21 de abril de 2008 acorda:

"Primeiro.- Requerir á empresa RÍAS LACHA, SLU, con CIF B-36489730, para que abone ó concello de Barro o prezo do contrato asinado o 14-02-2007, que ascende a contía de (12.000,00 €) DOCE MIL EUROS, según establece a cláusula cuarta e sexta do contrato, con notificación para ingreso dos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de decembro.

Segundo.- Reiterar o requerimento para que no prazo de 15 días presente a seguinte documentación:

a) De conformidade co establecido na cláusula 5 do prego de cláusulas particulares que rixen o contrato, rematado o primeiro ano presente a xustificación do coste real do establecemento do servizo que será valorado polos servizos técnicos do concello de Barro.

b) Xustificación da póliza de seguro en vigor conforme establece o apartado 13 da cláusula 6.2 "obrigas do adxudicatario" do prego de cláusulas particulares.

c) Relación de postos de venda ambulante detallando titular, tipos de produtos e dimensións en cumprimento do establecido no apartado 11 da clausula 6.2 "obrigas do adxudicatario" do prego de cláusulas particulares."

7º - En data 9 de xullo de 2008, remítese ó ORAL para a súa reclamación por vía executiva do importe de 12.000,00 € correspondentes ó período 14 de febreiro de 2008 a 13 de febreiro 2009, por expirar o prazo para o seu pagamento en periodo voluntario.

8º.- A Xunta de Goberno Local de data 13/04/2011 no punto 7.2 cordou:

Primeiro.- Requerir á empresa RÍAS LACHA, SLU, con CIF B-36489730, para que abone ó Concello de Barro o prezo do contrato asinado o 14-02-2007, según establece a cláusula cuarta e sexta do contrato, con notificación para ingreso dos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, polo importe de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €) correspondente ó período do 14 - 02 - 2009 a 13 -02 - 2010.

Segundo.- Reiterar o requerimento para que no prazo de 15 días presente a seguinte documentación:

a) De conformidade co establecido na cláusula 5 do prego de cláusulas particulares que rixen o contrato, rematado o primeiro ano presente a xustificación do coste real do establecemento do servizo que será valorado polos servizos técnicos do concello de Barro.

b) Xustificación da póliza de seguro en vigor conforme establece o apartado 13 da cláusula 6.2 "obrigas do adxudicatario" do prego de cláusulas particulares.

c) Relación de postos de venda ambulante detallando titular, tipos de produtos e dimensións en cumprimento do establecido no apartado 11 da cláusula 6.2 "obrigas do adxudicatario" do prego de cláusulas particulares.

9º.- A Xunta de Goberno Local de data 13/04/2011 no punto 7.3 cordou:

Primeiro.- Requerir á empresa RÍAS LACHA, SLU, con CIF B-36489730, para que abone ó Concello de Barro o prezo do contrato asinado o 14-02-2007, según establece a cláusula cuarta e sexta do contrato, con notificación para ingreso dos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, polo importe de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €) correspondente ó período do 14 - 02 - 2010 a 13 -02 - 2011.

Segundo.- Reiterar o requerimento para que no prazo de 15 días presente a seguinte documentación:

a) De conformidade co establecido na cláusula 5 do prego de cláusulas particulares que rixen o contrato, rematado o primeiro ano presente a xustificación do coste real do establecemento do servizo que será valorado polos servizos técnicos do concello de Barro.

b) Xustificación da póliza de seguro en vigor conforme establece o apartado 13 da cláusula 6.2 "obrigas do adxudicatario" do prego de cláusulas particulares.

c) Relación de postos de venda ambulante detallando titular, tipos de produtos e dimensións en cumprimento do establecido no apartado 11 da cláusula 6.2 "obrigas do adxudicatario" do prego de cláusulas particulares.

10º.- A Xunta de Goberno Local de data 13/04/2011 no punto 7.4 cordou:

Primeiro.- Requerir á empresa RÍAS LACHA, SLU, con CIF B-36489730, para que abone ó Concello de Barro o prezo do contrato asinado o 14-02-2007, según establece a cláusula cuarta e sexta do contrato, con notificación para ingreso dos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, polo importe de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €) correspondente ó período do 14 - 02 - 2011 a 13 -02 - 2012.

Segundo.- Reiterar o requerimento para que no prazo de 15 días presente a seguinte documentación:

a) De conformidade co establecido na cláusula 5 do prego de cláusulas particulares que rixen o contrato, rematado o primeiro ano presente a xustificación do coste real do establecemento do servizo que será valorado polos servizos técnicos do concello de Barro.

b) Xustificación da póliza de seguro en vigor conforme establece o apartado 13 da cláusula 6.2 "obrigas do adxudicatario" do prego de cláusulas particulares.

c) Relación de postos de venda ambulante detallando titular, tipos de produtos e dimensións en cumprimento do establecido no apartado 11 da cláusula 6.2 "obrigas do adxudicatario" do prego de cláusulas particulares.

11º.- En data 19 de xullo de 2011, remítese ó ORAL para a súa reclamación por vía executiva do importe de 12.000,00 €/ano correspondentes ós seguintes períodos por expirar o prazo para o seu pagamento en período voluntario:

- 14 de febreiro de 2009 a 13 de febreiro 2010.

- 14 de febreiro de 2010 a 13 de febreiro 2011.

- 14 de febreiro de 2011 a 13 de febreiro 2012.

12º- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 26 de xuño de 2012 entre outros acorda requerir á empresa RÍAS LACHA, SLU, con CIF B-36489730, para que abone ó Concello de Barro o prezo do contrato asinado o 14-02-2007, según establece a cláusula cuarta e sexta do contrato, con notificación para ingreso dos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, polo importe de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €) correspondente ó período do 14 - 02 - 2012 a 13 -02 - 2013.

13º- A Xunta de Goberno Local de data 08/03/13 no punto 7.1. acorda:

Primeiro.- Requerir á empresa RÍAS LACHA, SLU, con CIF B-36489730, para que abone ó Concello de Barro o prezo do contrato asinado o 14-02-2007, según establece a cláusula cuarta e sexta do contrato, con notificación para ingreso dos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, polo importe de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €) correspondente ó período do 14 - 02 - 2013 a 13 -02 - 2014.

Segundo.- Reiterar o requerimento para que no prazo de 15 días presente a seguinte documentación:

a) De conformidade co establecido na cláusula 5 do prego de cláusulas particulares que rixen o contrato, rematado o primeiro ano presente a xustificación do coste real do establecemento do servizo que será valorado polos servizos técnicos do concello de Barro.

b) Xustificación da póliza de seguro en vigor conforme establece o apartado 13 da cláusula 6.2 "obrigas do adxudicatario" do prego de cláusulas particulares.

c) Relación de postos de venda ambulante detallando titular, tipos de produtos e dimensións en cumprimento do establecido no apartado 11 da cláusula 6.2 "obrigas do adxudicatario" do prego de cláusulas particulares.

14.- Constan no expediente varios escritos de denuncia presentados en diferentes datas dos que se citan os seguintes:

-Escrito da Consellería de Innovación e Industria de data 27/05/08, entrada no concello 1.241 de data 28/05/08, dando traslado de denuncias e informando da competencia municipal para en materia de venda ambulante

-Escrito da Consellería de Economía e Industria de data 12/11/12, entrada no concello 1.682 de data 15/11/12, dando conta de denuncia da Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos de Galicia e informa sobre competencias dos concellos e medidas a adoptar conforme a lexislación aplicable.

15.-Acordo da Xunta Goberno Local de data 08/03/13 sobre rescisión do contrato que se transcribe na súa parte dispositiva:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a iniciación do expediente de resolución do contrato de concesión da explotación do mercadillo municipal na rúa do Tanatorio ao entronque coa rúa das Baladas, asinado con data 14 de febreiro de 2007 con D. Manuel Velloso Lago con DNI 36071812S en representación da empresa RIAS LACHA S.L. CIF B36489730, establecendo como data de remate do contrato o día 9 de setembro de 2013

Segundo.- Determinar que os incumplimentos nos que se basea a resolución do contrato darán lugar a incautación da fianza definitiva por importe de 480,00 euros depositada polo adxudicatario, sen prexuízo das indemnizacións que se poidan reclamar polo danos ou prexuízos que se poidan haber causado.

Terceiro.- Dar audiencia ó interesado e entidade avalista polo prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ó da recepción da notificación do presente acordo, incluíndo o trámite de someter o preceptivo informe do órgano consultivo no caso de que se formule oposición pola contratista.

16.-Consta no expediente xustificante da notificación do acordo a empresa RIAS LACHA S.L. e a entidade bancaria NCGBANCO S.A. como entidade avalista.

-Non consta presentación de alegacións polos interesados

Fundamentos xurídicos:

- Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local, art. 21, 22
- R D L 2/2000, de 16 de xuño, Lei de Contratos das Administracións Públicas, art. 111 a 113 e 166 a 169.

R.D.L 3/2011 de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, Disp transitoria primeira, disposición adicional segunda

- RD 1098/2001 de 12 de outubro, Regulamento Xeral Lei de Contratos. art. 109 a 113.

- Lei 30/1992 de 26 de novembro, Lei de Réxime Xurídico e Procedimento Administrativo Común.

Considerando, que polo concesionario se incumplen as seguintes cláusulas do prego de cláusulas particulares e das cláusulas do contrato:

-Impago do precio do contrato que corresponde ó canon da totalidade das 5 anualidades do contrato con unha débeda pendente acumulada por importe de 60.000,00 euros sin o cálculo dos intereses por demora correspondentes a recaudación en executiva.

-Non xustificación do establecido na cláusula 5 do prego de cláusulas particulares que rixen o contrato, que establece *“rematado o primeiro ano presente a xustificación do coste real do establecemento do servicio que será valorado polos servicios técnicos do concello de Barro”*.

- Incumplimento da xustificación da póliza de seguro en vigor conforme establece o apartado 13 da cláusula 6.2 “obrigas do adxudicatario” do prego de cláusulas particulares, a pesares dos reiterados requerimentos feitos polo concello

- Incumplimento da aportación da relación de postos de venda ambulante detallando titular, tipos de produtos e dimensións en cumprimento do establecido no apartado 11 da cláusula 6.2 “obrigas do adxudicatario” do prego de cláusulas particulares.

Considerando, o incumplimento reiterado de aportación da documentación esixida no clausulado do prego e do contrato requerida polo concello.

Considerando, que no expediente constan denuncias da Garda Civil constatando incumplimento da normativa sobre venda ambulante e que dito incumplimento está tipificado como falta grave na cláusula octava do contrato. Considerando, que tal como sinala o art. 113.4 do RDL 2/2000 que cando o contrato se resolva por incumplimento culpable do contratista será incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar a Administración dos danos e perxuízos no que exceda do importe da garantía incautada.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Sr. Abraldes para manifestar que é a proposta máis lóxica, que dende sempre incumpriron o contrato, que xa se sabía que isto ía pasar, que cobran polos postos aos que se instalan e eles non pagan.

Polo Sr. Alcalde, afirma que todos sabemos o que pasa e que a situación derivou dun concurso e que no mesmo a empresa adxudicataria foi o único licitador que se presentou.

A Concelleira Castro Calviño, afirma que se tiña que haber feito antes, que o non hai motivos para acusar a oposición de querer acabar coa feira senon que e unha situación que deriva dos xestores da mesma.

Toma a palabra o Concelleiro Sanmartín Castro, para dicir que por parte do seu grupo teñen interese en que se manteña o mercadillo, que o Concello debería facer algo xa que fai que barro sexa coñecido e que nunca estiveron en contra da feira.

O Sr. Alcalde manifesta que ten a intención de quitalo novamente a concurso pero co cobramento das anualidades por adiantado.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello POR UNANIMIDADE ACORDA:

Primero.- Aprobar a resolución do contrato de concesión da explotación do mercadillo municipal na rúa do Tanatorio ao entronque coa rúa das Baladas, asinado con data 14 de febreiro de 2007 con D. Manuel Velloso Lago con DNI 36071812S en representación da empresa RIAS LACHA S.L. CIF B36489730, establecendo como data de remate do contrato o día 9 de setembro de 2013.

Segundo.- Aprobar a incautación da fianza definitiva por importe de 480,00 euros depositada polo adxudicatario, sen prexuízo das indemnizacións que se poidan reclamar polo danos ou prexuízos que se poidan haber causado.

Terceiro.- Dar traslado do presenta acordo o adxudicatario do contrato e a entidade bancaria.

4.- CONVENIO DE XESTIÓN DE PILAS E ACUMULADORES PORTÁTILES.-

Polo Sr. Alcalde dáse conta de que o 1 de agosto de 2012 a Xunta de Galicia asinou un convenio cos sitentas integrados de xestión de residuos de pilas e acumuladores Fundación Ecopilas. O Convenio establece o marco de funcionamento e a actividade que levarán a cabo os SIX de residuos de pilas e acumuladores autorizados en Galicia, así como a súa relación coas distintas administracións públicas. No marco do convenio, o servizo de recollida de pilas realizarase a través dos SIX autorizados en Galicia mediante a Oficina de coordinación dos SIX de residuos de pilas e acumuladores. Para acceder ao servizo gratuito, as entidades locais deberán adherirse ao convenio.

Dáse conta tamén das modalidades de adhesión ao convenio marco:

- OPCIÓN A: a entidade local que subscribe esta adhesión seguirá coordinando e sufragando a contedorización dos PRS, o servizo de recollida, transporte (desde os puntos de recollida selectiva dos residuos, PRS, ata o punto de recollida municipal, PRM) e almacenaxe temporal dos residuos de pilas e acumuladores portátiles no seu ámbito territorial, recibindo por iso a compensación económica en concepto das citadas operacións establecida no Anexo IV do presente Convenio Marco.

- OPCIÓN B: a entidade local que subscribe esta adhesión comunica a súa vontade de non coordinar nin sufragar o servizo de recollida, transporte (desde os puntos de recollida selectiva dos residuos, PRS, ata o punto de recollida municipal, PRM) e almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu concello. Polo tanto, este servizo será no sucesivo realizado polas entidades xestoras dos SIX e coordinado pola Oficina de Coordinación. A prestación do servizo por parte das entidades xestoras dos SIX dará comezo nun prazo de tres meses desde a data de adhesión ou, no seu caso, ao termo do contrato establecido entre a entidade local e a empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos, se esta data é superior a seis meses. Neste caso, a entidade local unicamente se compromete a recepcionar e almacenar temporalmente os RPA portátiles que sexan entregados nos seus PRM e entregarllos aos SIX de RPA asinantes. Ata a data na que las entidades xestoras dos SIX de RPA realicen o citado servizo, a Entidade Local recibirá a compensación económica establecida no anexo IV do Convenio Marco.

Polo Sr. Alcalde faise proposta de adhesión ao convenio na modalidade "A".

O Pleno do Concello logo de breve deliberación, POR UNANIMIDADE ACORDA:

Primeiro.- Visto que o artigo 8.3 do Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre Pilas e Acumuladores e a Xestión Ambiental dos seus Residuos, prevé a participación das Entidades Locais nos SIX de RPA, mediante a adhesión ao Convenio Marco asinado entre a Comunidade Autónoma e as entidades xestoras dos SIX de RPA, SOLICÍTASE a adhesión ao Convenio Marco de colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades xestoras dos SIX de RPA, co fin de garantir o cumprimento do Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.

Segundo.- Que, de conformidade co previsto no artigo 10.4 do RD 106/2008 no referente á posta en funcionamento dun servizo de recollida selectiva dos RPA portátiles a través dalgunha das modalidades contempladas no citado artigo do RD 106/2008, e en particular, a través dun Sistema Público de Xestión⁴, nos termos que establece a lexislación en materia de réxime local e no seu caso, das respectivas ordenanzas manifestar que o Concello de Barro NON DISPON DUN SPX.

Terceiro.- A entidade local que subscribe esta adhesión seguirá coordinando e sufragando o servizo de recollida, transporte (dende os puntos de recollida selectiva

dos residuos, PRS, ata o punto de recollida municipal, PRM) e almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu ámbito territorial, recibindo por iso a compensación económica en concepto das citadas operacións establecida no anexo IV do precitado Convenio Marco.

Cuarto.- O Concello asume os compromisos mínimos contidos no referido pacto.

5.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Polo Sr. Alcalde dáse conta da necesidade da aprobación dunha nova Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de axuda no fogar, substituindo e derogando a ordenanza anterior, co obxecto de adecuar os cadros de tarifas ás taboas de copago reguladas no Decreto 99/2012, de obrigado cumprimento para as entidades locais galegas.

Consta no expediente informe do Secretario-Interventor accidental que se transcribe:

en relación coa “APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE BARRO, QUE SUBSTITÚE E DERROGA Á ACTUAL”, emito o seguinte

INFORME:

NORMATIVA APLICABLE

-

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local.

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria
- Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.
- Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

ANTECEDENTES:

Proposta do Alcalde de aprobación dunha nova Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de axuda no Fogar, substituindo e derogando a Ordenanza anterior, co obxecto de adecuar os cadros de tarifas ás táboas de copago reguladas no Decreto 99/2012, de obrigado cumprimento para as entidades locais galegas.

CONSIDERACIÓNS.

Primeira. Proposta de Ordenanza Fiscal.

Segundo reflicte a proposta do Alcalde, o obxecto da aprobación dunha nova Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación no servizo de axuda no Fogar, é o de adecuar os cadros de tarifas ás táboas de copago reguladas no Decreto 99/2012, de obrigada aplicación polas entidades locais galegas.

No que atinxe ao servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas e con dereito de atención recoñecido, o Decreto 99/2012 establece unhas porcentaxes de copago determinadas en función da capacidade

económica do usuario, grao de dependencia e intensidade do servizo asignado. No que respecta ao servizo de axuda no fogar de libre concorrència, o artigo 62 do Decreto permite un certo marxe aos Concellos, regulando uns intervalos porcentuais para os distintos tramos de capacidade económica, referenciados ao IPREM.

A regulación do financiamento prevista nesta norma, resulta de obrigado cumprimento para as Entidades Locais galegas, fixando na Disposición final un prazo de 18 meses, a contar desde o seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia, para levar a cabo a adaptación das ordenanzas municipais ao establecido no Decreto.

A nova Ordenanza Fiscal recolle o cadro de copago previsto no regulamento autonómico para persoas dependentes e valoradas, e establece unhas porcentaxes de financiamento polos usuarios do servizo en réxime de libre concorrència acordes coas limitacións do artigo 62 da norma.

A nova Ordenanza fiscal substitúe e derroga a anterior, tal e como se prevé na disposición derogatoria.

Segunda. Modificación das porcentaxes de copago.

Con carácter xeral e de acordo co disposto no artigo 24.2 do TRLFL *“El importe de las tasas por la prestación de un servicio o por la realización de una actividad no podrá exceder, en su conjunto, del coste real o previsible del servicio o actividad de que se trate o, en su defecto, del valor de la prestación recibida.*

Para la determinación de dicho importe se tomarán en consideración los costes directos e indirectos, inclusive los de carácter financiero, amortización del inmovilizado y, en su caso, los necesarios para garantizar el mantenimiento y un desarrollo razonable del servicio o actividad por cuya prestación o realización se exige la tasa, todo ello con independencia del presupuesto u organismo que lo satisfaga. El mantenimiento y desarrollo razonable del servicio o actividad de que se trate se calculará con arreglo al presupuesto y proyecto aprobados por el órgano competente.”

Engade o artigo 25 que os acordos de establecemento de taxas para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto a previsible cobertura do custe de aqueles.

No que respecta á prestación do servizo de axuda no fogar, a regulación das tarifas (ben sexa taxa, ben prezo público) esixe a consideración das limitacións establecidas na normativa reguladora dos servizos sociais comunitarios.

Tendo en conta o carácter esencial do servizo e respecto das persoas en situación de dependencia, a administración autonómica asume o financiamento dun máximo de 9,7 € por hora e persoa usuaria. Tendo en conta o custe actual do servizo para Dependencia é de 12,84€ en xornada normal e 13,92€ os festivos, a regulación do copago incide no custe a financiar polo Concello.

A mesma situación dáse en respecto do servizo de axuda no fogar en libre concorrència, cunha remisión ao cofinanciamento provincial, sen uns mínimos garantidos, con un cofinanciamento por parte da Deputación Provincial de 11,66 €/hora ordinaria e un custo para o concello de 13,58 € en xornada laboral e 14,72€ os festivos.

Desde o punto de vista da estabilidade orzamentaria e a efectos de valoración da incidencia no exercizo en curso, o sistema de financiamento do servizo de axuda no fogar – dependentes non garantiza a cobertura dos custes do servizo polas achegas autonómica e copago dos usuarios. Respecto do servizo de axuda no fogar - libre concorrència, a aplicación do novo cadro de porcentaxes incrementa lixeiramente o copago dos usuarios, si ben, neste suposto, a variabilidade da achega autonómica anos atrás, e a falta de regulación expresa do importe da achega provincial, impiden coñecer a contía a asumir polo Concello tanto no exercizo en curso como nos vindeiros.

Terceiro. Tramitación

Ao abeiro do disposto no artigo 17 do TRLFL a aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de axuda no fogar, axustarase ao procedemento seguinte:

1. Ditame da Comisión Informativa de Facenda e aprobación provisional polo Pleno da Corporación.
2. Publicación do anuncio de exposición da modificación proposta no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios, a efectos de que os interesados durante un prazo de trinta días poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.
- 3 Finalizado o período de exposición pública corresponde ao Pleno resolver as alegacións presentadas e aprobar a redacción definitiva da modificación. No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.
- 4 O acordo definitivo, ou provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia sen que a modificación entre en vigor ata que non se leve a cabo dita publicación.

A derogación da Ordenanza Fiscal actual esixe a tramitación do mesmo procedemento. Non en tanto, e tendo en conta a previsión da derogación da ordenanza actual na cláusula derogatoria da nova, enténdese incluído dito acordo na tramitación do expediente de aprobación da nova ordenanza fiscal.

CONCLUSIÓNS:

Primeira. A Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de axuda no fogar, recolle a táboa de cofinanciamento por parte dos usuarios dependentes valorados, con dereito de atención recoñecido, segundo o establecido no artigo 61 do Decreto 99/2012, de obrigada aplicación pola entidades locais da comunidade autónoma galega. O cadro de copago das persoas usuarias do servizo en réxime de libre concorrencia adecúase as previsións da referida norma regulamentaria.

Segunda. A tramitación da aprobación da nova Ordenanza axustarase ao procedemento previsto no artigo 17 do TRLFL. A entrada en vigor da nova Ordenanza supón a derogación da actual, segundo se recolle na disposición derogatoria. En Barro, o 7 de agosto de 2013. O interventor accidenta. Serafín Abal Novoa.

Á vista do informe o Sr. Alcalde fai proposta de aprobación do texto da ordenanza que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BARRO

ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal, este Concello acorda a imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de BARRO.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación efectiva do servizo de axuda no fogar, nos termos e condicións de intensidade que se regulan na Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de BARRO.

ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos da taxa regulada na presente ordenanza os seguintes:

a) As persoas recoñecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, e teñan resolución do Plan individualizado de Atención (PIA) no que se lle recoñeza o citado servizo, que sexan dadas de alta no servizo municipal de axuda no fogar de acordo co estipulado na Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar.

b) As persoas que accedan ao servizo de axuda no fogar por libre concorrència e que sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado na Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar.

Se a persoa beneficiaria carecera de capacidade de obrar, a obriga de pagamento recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

ARTIGO 5.—BASE IMPOÑIBLE

A base imponible desta taxa, referida a unha hora de prestación do servizo, virá determinada polo custo real (IVE engadido) da hora de prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de BARRO, xa sexa ordinaria, festiva ou nocturna, en réxime de dependencia ou de libre concorrència, facturado ao Concello pola entidade prestadora do servizo .

A base imponible total será o resultado de multiplicar a base imponible referida a unha hora de prestación do servizo polo número de horas prestadas a cada persoa usuaria.

ARTIGO 6.—COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza será o resultado de aplicar á base imponible total as seguintes porcentaxes:

a) No caso de persoas usuarias do servizo de axuda no fogar dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido:

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	Grado I	Grado II	Grado III
--	---------	----------	-----------

	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior o igual al 100% del IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Mayor del 100% y menor o igual al 115% del IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Mayor del 115% y menor o igual al 125% del IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Mayor del 125% y menor o igual al 150% del IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Mayor del 150% y menor o igual al 175% del IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Mayor del 175% y menor o igual al 200% del IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Mayor del 200% y menor o igual al 215% del IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Mayor del 215% y menor o igual al 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Mayor del 250% y menor o igual al 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Mayor del 300% y menor o igual al 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Mayor del 350% y menor o igual al 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Mayor del 400% y menor o igual al 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Mayor del 450% y menor o igual al 500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior al 500% del IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

b) No caso de persoas usuarias do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia:

1. A porcentaxe de participación no custo do SAF é a seguinte:

Capacidade económica	% Achega
Inferior ao 80% do IPREM	0
Entre o 80% e o 100% do IPREM	10%
Entre o 100% e o 115% do IPREM	15%
Entre o 115% e o 125% do IPREM	20%
Entre o 125% e o 150% do IPREM	25%
Entre o 150% e o 175% do IPREM	30%
Entre o 175% e o 200% do IPREM	35%
Entre o 200% e o 215% do IPREM	40%
Entre o 215% e o 250% do IPREM	45%
Entre o 250% e o 300% do IPREM	60%
Entre o 300% e o 350% do IPREM	65%
Entre o 350% e o 400% do IPREM	70%
Entre o 400% e o 450% do IPREM	75%
Entre o 450% e o 500% do IPREM	80%
Superior ao 500% do IPREM	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

c) A determinación da capacidade económica á que se fai referencia nos dous apartados, a) e b), farase de acordo co estipulado nos artigos 59 e 60, respectivamente, do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, así como na Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de BARRO.

ARTIGO 7.—BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos en normas con rango de lei ou que deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 8.—DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO.

A taxa devéngase dende que se inicia a prestación do servizo, e deberá facerse efectiva de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. A taxa contemplada nesta ordenanza satisfarase con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

2. Por parte do concello e sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior que se remitirá á entidade bancaria indicada pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.

ARTIGO 9.—NORMAS DE XESTIÓN

1. En canto ao acceso ao servizo, á documentación a aportar e ao prazo de presentación de solicitudes, estarase ao disposto na Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de BARRO.

2. As causas de extinción, modificación e suspensión temporal do servizo, así como a intensidade do mesmo, regúlanse na Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de BARRO.

3. A baixa da prestación do servizo xurdirá efectos ao día seguinte daquel no que se solicite ou se declare de oficio por esta Administración.

4. Mensualmente, o órgano competente aprobará as liquidacións e remitirá á tesouraría municipal os documentos e soportes necesarios para o cargo dos recibos na conta na que estean domiciliados os cobros.

5. Anualmente, ou antes no caso de producirse cambios na situación das persoas usuarias, requiriráselles, por parte do departamento de Servizos Sociais do Concello, para que xustifiquen documentalmente a súa situación económica e patrimonial, aos efectos de actualizar a súa capacidade económica e, no seu caso, a taxa a aboar.

6. A falta reiterada de pagamento do servizo nun máximo improrrogable de dous meses consecutivos será causa de extinción do servizo.

ARTIGO 10.—AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS

De conformidade co establecido nos artigos 56.7 de Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 63 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de BARRO, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos que reciban.

ARTIGO 11.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN

As infraccións e sancións rexeranse pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Disposición derogatoria

Queda derogada a actual Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da axuda a domicilio de BARRO, publicada no BOP nº 187 do 28/9/2009, así como as modificacións posteriores relativas á mesma.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación municipal en sesión de data de 2013, entrará en vigor o 1 de outubro de 2013, unha vez publicado o acordo de aprobación definitivo así coma o texto íntegro da mesma, no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación”.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Sr. Abraldes, manifestando o seu voto en contra, xustificando en que haberá moita xente que non pode pagar, e en que xa no seu día votaron en contra da modificación legal. Asimesmo manifesta a súa queixa porque polos servizos económicos do Concello se lles pasou aos

usuarios do SAF dúas mensualidades dentro do mesmo mes atrasadas que se se poñan os medios para que se cobre ao día.

O Sr. Sanmartín, manifesta que o sentido do seu voto vai ser a abstención.

Rematada a deliberación, sométese a votación a aprobación da ordenanza transcrita anteriormente, co seguinte resultado:

Votan a favor os Sres. D. José Antonio Landín Eirín, Dña. Teresa Roig Olona, Dña. Rosa Varela Magariños, D. Manuel Fontán Outón, D. Eduardo Iglesias González y D. Manuel Rivas Reboredo (PP), Votan en contra: D. Xosé Manuel Fernández Abraldes, D. Roberto Rivas Reboredo e D.^a María Xesús Castro Calviño. (BNG). Abstense D. José Sanmartín Soto (PSOE).

Á vista do resultado da votación o Alcalde proclama aprobado por maioría absoluta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

Segundo.- Publicar anuncio de exposición da modificación proposta no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios en un diario dos de maior difusión da provincia, a efectos de que os interesados durante un prazo de trinta días poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Finalizado o período de exposición pública e en caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

6.- CONVENIO ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.-

O Sr. Alcalde dá conta do modelo de convenio de adhesión á axencia de protección da legalidade urbanística, aclara que a mesma no caso de aprobalo tería competencias en solo rustico, non urbanizable en calquera das súas categorías, en solo de núcleo rural e nos solos urbanizables en tanto non teñan aprobada a súa ordenación detallada. Aclara asimesmo, que o servizo non tería custo económico para o Concello, libraría de carga de traballo aos técnicos municipais e evitará que as actuacións da alcaldía en materia de disciplina urbanística teñan que pasar pola fiscalía, anque os asuntos logo resulten arquivados como paso co caso das obras que se realizaron en Valbón- Agudelo.

Transcríbese o texto do convenio:

“MODELO DE CONVENIO DE ADHESIÓN A LA AGENCIA DE PROTECCIÓN DE LA LEGALIDAD URBANÍSTICA

En Santiago de Compostela, a ... de de dos mil

INTERVIENEN:

De una parte, don/doña, alcalde/sa del Ayuntamiento de, provincia de, en representación del Ayuntamiento de conformidad con lo dispuesto en el artículo 61

de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración local de Galicia, y en el artículo 21 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local.

E de otra parte, don/doña, director/a de la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística, en representación del ente público, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 18 de los Estatutos aprobados por el Decreto 213/2007, de 31 de octubre.

EXPONEN:

1º.- La Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, modificada por la Ley 15/2004, de 29 de diciembre, y en su artículo 226, establece que la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística es un ente público de naturaleza consorcial, dotado de personalidad jurídica, patrimonio y presupuesto propios y plena autonomía en el cumplimiento de sus funciones, para el desarrollo en común por la Administración autonómica y los municipios que voluntariamente se integren en ella de las funciones de inspección, restauración de la legalidad y sanción en materia de urbanismo y el desempeño de cuantas otras competencias le asignan sus estatutos.

Así mismo, establece que son miembros de la Agencia la Administración autonómica y los municipios que voluntariamente se integren en ella. La incorporación de los municipios se realizara a través del correspondiente convenio de adhesión, que deberá obtener la previa aprobación del Pleno de la Corporación y del Consejo de la Xunta de Galicia y será publicado en el *Diario Oficial de Galicia*.

Los estatutos de la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística fueron aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de octubre, y publicados en el *Diario Oficial de Galicia* núm. 222, de 16 de noviembre.

2º.- El Ayuntamiento de tiene atribuidas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtud de lo dispuesto en el artículo 80 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración local de Galicia, en el artículo 25 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, y en los artículos 209 y siguientes de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia.

La Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, en su artículo 10, determina que la Administración local y las demás Administraciones públicas ajustarán sus relaciones recíprocas a los deberes de información mutua, colaboración, coordinación y respecto a los ámbitos competenciales respectivos y que procederá a la coordinación de las competencias de las entidades locales entre si y, especialmente, con las de las restantes Administraciones públicas, cuando las actividades o los servicios locales trasciendan el interés propio de las correspondientes entidades, incidan o condicionen relevantemente los de las antedichas Administraciones o sean concurrentes o complementarios de los de estas.

EL texto refundido de las disposiciones vigentes en materia de régimen local, aprobado por el Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, en su artículo 69, establece que las competencias compartidas o concurrentes podrán ser ejercidas conjuntamente por la Administración del Estado o de la Comunidad Autónoma y la Local, mediante la constitución de entes instrumentales de carácter público o privado.

3º.- En virtud de lo establecido en los artículos 222.2 y 226 de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, la Agencia ejercerá las competencias que le sean delegadas por los ayuntamientos consorciados.

En este sentido, el artículo 9 de los estatutos de la Agencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de octubre, dispone que la adhesión necesariamente producirá la atribución a la Agencia de las competencias de inspección, supervisión, sanción y restablecimiento de la legalidad urbanística que correspondan al municipio integrado voluntariamente en la Agencia, en los supuestos que determinan los artículos 209, 210 y 211

de la Ley 9/2002, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, según se establezca en el convenio de adhesión.

4º.- Este convenio de adhesión obtuvo la previa aprobación del Pleno de la Corporación municipal de en sesión celebrada en fecha .. de ... de, con voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 226.2 de la Ley 9/2002, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, y en el artículo 215.3 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración local de Galicia.

Así mismo, obtuvo la aprobación del Consejo de la Xunta de Galicia, en su reunión de fecha ... de de, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 226.2 de la Ley 9/2002, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia.

Los intervinientes se reconocen mutua capacidad para el otorgamiento del presente convenio de adhesión, de conformidad con las siguientes

ESTIPULACIONES:

Primera.- Incorporación a la Agencia

El Ayuntamiento de, provincia de, se incorpora y se adhiere como miembro de la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística, asumiendo los derechos y obligaciones que de esto se derivan, de conformidad con lo estipulado en el presente convenio de adhesión y lo establecido en los estatutos de la Agencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de octubre, y en la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia.

Segunda.- Delegación de competencias

1.- El Ayuntamiento de delega en la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística el ejercicio de las competencias municipales de inspección, supervisión, sanción y restablecimiento de la legalidad urbanística establecidas en los artículos 209, 210, 211 e 222 de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, en relación con las obras y usos del suelo que se ejecuten sin licencia urbanística o sin ajustarse a sus condiciones, siempre que estén situadas en alguna de las siguientes clases de suelo:

a) Suelo rústico o no urbanizable, en cualquiera de sus categorías (artículos 15 y 32 y disposición transitoria primera, apartado 1.f), de la Ley 9/2002).

b) Suelo urbanizable o apto para urbanizar, en cualquiera de sus categorías, mientras no sea aprobado el planeamiento urbanístico que establezca su ordenación detallada (artículo 14 y disposición transitoria primera, apartado 1.d), de la Ley 9/2002).

c) Y núcleos rurales tradicionales delimitados en el planeamiento urbanístico municipal (artículo 13 y disposición transitoria primera, apartado 1.e), de la Ley 9/2002).

La Agencia ejercerá efectivamente estas competencias desde el día siguiente al de la publicación del convenio en el *Diario Oficial de Galicia*.

2.- En esta delegación de competencias no está incluida la reposición de la legalidad ni la potestad sancionadora en relación con las obras completamente terminadas antes de la publicación de este convenio, que serán ejercidas por el ayuntamiento.

3.- La resolución de los recursos administrativos interpuestos contra los actos dictados por la Agencia en ejercicio de competencias delegadas le corresponderá al ayuntamiento.

Para resolver el recurso deberá solicitarse informe de la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística. Cando se reciba el escrito de interposición de recurso en la Agencia, esta deberá remitírselo al ayuntamiento con su informe y una copia completa y ordenada del expediente administrativo.

4.- La delegación de competencias podrá ser revocada en cualquier momento por el Pleno de la Corporación, con la mayoría exigida en el artículo 215.3 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración local de Galicia. La revocación será efectiva una vez comunicada a la dirección de la Agencia y publicada en el *Diario Oficial de Galicia*.

Tercera.- Contribución al sostenimiento de la Agencia

1.- El Ayuntamiento de contribuirá al sostenimiento de la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística con las siguientes aportaciones económicas:

a) La cantidad de euros que será transferida por el Ayuntamiento a la cuenta general de la Agencia antes de enviar al *Diario Oficial de Galicia* el anuncio de publicación del convenio.

La cantidad será determinada de común acuerdo con el ayuntamiento y se determinará en función del número e extensión de los núcleos rurales existentes (entre 50 y 100 euros por cada núcleo). Estarán exentos los municipios rurales del interior con población inferior a 5.000 habitantes.

b) El 50% del producto de las multas coercitivas impostas por la Agencia para la ejecución de las ordenes de reposición de la legalidad dictadas en el ejercicio de las competencias delegadas por el ayuntamiento;

c) Y el 50% del importe de las sanciones impuestas por la Agencia a los responsables de infracciones urbanísticas, en ejercicio de las competencias delegadas por el Ayuntamiento.

2.- El importe de las multas coercitivas y de las sanciones impuestas por la Agencia en ejercicio de competencias delegadas por el ayuntamiento serán ingresadas por los sujetos obligados directamente en la cuenta general de la Agencia. En el supuesto de que no sean abonadas en período voluntario, la Agencia solicitará de la Consellería de Economía e Facenda su cobro por la vía de apremio.

Al finalizar cada ejercicio anual, la Agencia transferirá al ayuntamiento de una cantidad equivalente al 50% de los ingresos percibidos por las sanciones impuestas en ejercicio de las competencias delegadas.

Cuarta.- Obligaciones asumidas por el Ayuntamiento

El Ayuntamiento de asume las siguientes obligaciones:

a) prestar la cooperación y asistencia activa que la Agencia le solicite para el eficaz ejercicio de sus competencias;

b) facilitar al personal de la Agencia el acceso inmediato a los expedientes de planeamiento, gestión y disciplina urbanística, así como cuanta información, documentación y ayuda material precise para el adecuado cumplimiento de sus funciones;

c) prestar el auxilio de la policía local para facilitar las inspecciones, ejecutar las ordenes de precinto de obras e identificar a los responsables de posibles infracciones;

d) abstenerse de otorgar licencias urbanísticas que impliquen la legalización de obras y usos del suelo respecto de los que la Agencia tenga ordenado su demolición, cese o restauración de la realidad física alterada;

e) solicitar informe de la Agencia previamente a la resolución de los recursos administrativos interpuestos contra los actos dictados en ejercicio de las competencias delegadas por el Concello;

f) contribuir al sostenimiento económico de la Agencia en los términos establecidos en el presente convenio de adhesión;

g) y respetar las estipulaciones del presente convenio y lo establecido en los estatutos de la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de octubre.

Quinta.- Plazo de vigencia del convenio

Este convenio entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia* y su plazo de vigencia será indefinido.

La resolución del presente convenio se producirá en el supuesto de que el Ayuntamiento de pierda la condición de miembro de la Agencia por cualquiera de las causas que se establecen en el artículo 12 de los estatutos de la Agencia y con los efectos que el mismo artículo dispone.

Sexta.- Interpretación del convenio

Las controversias que pudiesen aparecer en la interpretación del presente convenio y su aplicación serán resueltas por el Consejo Ejecutivo de la Agencia, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 10 de los estatutos de la Agencia aprobados por Decreto 213/2007, de 31 de octubre.

Y para que así conste, firman el presente convenio de adhesión, por duplicado ejemplar, en el lugar y fecha arriba indicados. Por el Ayuntamiento de El/La alcalde/sa Fdo.:	Por la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística El director Fdo.:
---	--

Iniciase o turno de intervencións, apuntando o Sr. Alcalde que outros municipios importantes da provincia, decidíronse pola integración na Axencia Urbanística, xa dispoñen de técnicos e persoal cualificado e reitera que é un aforro importante en persoal e gastos xurídicos.

Toma a palabra o Sr. Abraldes, manifestando que foi unha entidade que se creou para vixiar o urbanismo, dirixida aos Concellos e que evita que os alcaldes carguen con determinados “mortos”.

O Sr. Alcalde volve a manifestar, que supón un aforro económico importante, tanto en persoal como en contratación de letrados e libera ao técnico municipal e o secretario de adicar tanto tempo a facer informes e tramitar expedientes.

O Sr. Sanmartín, dí que se supón un aforro, soluciona problemas complexos e estaba incluído no Plan de Saneamento Económico Financeiro do ano 2009, a opción parécelle correcta.

Rematada a deliberación, o Pleno do Concello POR UNANIMIDADE ACORDA:

Primeiro.- Solicitar a adhesión do Concello de Barro á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística aprobando o texto do convenio que foi transcrito neste acordo e para as seguintes clases de solo:

a) Suelo rústico o no urbanizable, en cualquiera de sus categorías (artículos 15 y 32 y disposición transitoria primera, apartado 1.f), de la Ley 9/2002).

b) Suelo urbanizable o apto para urbanizar, en cualquiera de sus categorías, mientras no sea aprobado el planeamiento urbanístico que establezca su ordenación detallada (artículo 14 y disposición transitoria primera, apartado 1.d), de la Ley 9/2002).

c) Y núcleos rurales tradicionales delimitados en el planeamiento urbanístico municipal (artículo 13 y disposición transitoria primera, apartado 1.e), de la Ley 9/2002).

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde para asinar o convenio e cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- MOCIÓNS.- Non se inclúen asuntos a tratar.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- A seguir dáse conta dos rogos e preguntas que se relacionan:

8.1.- Toma a palabra o Sr. Fernán de Abraldes, preguntándolle ao Sr. Alcalde se a pista que se ampliou que vai do lugar de Outeiro ao Concello en Agudelo vai a quedar sen rematar.

O Sr. Alcalde contesta que se procedeu ao seu ensanche, colocación de tubería e limpeza de cunetas, que o carril de circulación asfaltado mantén o que xa tiña no su día. Executouse o máis urxente.

O Sr. Fernández Abraldes, remata dicindo que o ensanche pouco vai durar.

8.2.- O Concelleiro Xosé Manuel Fernández Abraldes, toma novamente a palabra e ponlle de manifesto ao Sr. Alcalde que o alumbrado da Festa do Viño hai que quitalo en canto remate a festa, non consentindo que o entorno do pazo funcione de almacén mentres o instalador non teña donde volver a instalalo, e por mor de evitiar problemas e accidentes que puideron ser posibles.

8.3.- Toma a palabra o Sr. Sanmartín Soto, facendo as seguintes propostas:

- Instar de quen corresponda a posibilidade da colocación de carteis e sinais indicadoras dos locais de hostalería no Camiño de Santiago.

- A Existencia de maleza na pista de Perdecanaí que sumado a que é estreita provoca situacións de perigo.

- Manifestarlle ao Concello o seu agradecemento pola limpeza de do campo de Chan de Santos.

- Felicitar á OMIX de Barro pola organización e colaboración do mercadillo de segunda man.

8.4.- Polo Sr. Alcalde, e en relación con escrito presentado polo Sr. Sanmartín no rexistro Xeral do Concello en data 29 de maio de 2013 no que se formulan 11 preguntas, e dado que algúñas delas xa se lle habían contestado con anterioridade

e outras supoñen sembrar dúbidas sobre a honorabilidade do Sr. Alcalde e da Xunta de Goberno Local, insultos e insinuacións insidiosas, vai dar traslado á Fiscalía do mesmo para que se depuren as responsabilidades penais correspondentes. Ademáis o escrito atópase colgado nas redes sociais dende maio coa intención de danar persoalmente ao Alcalde. Asimesmo manifesta que nin na vida nin na política vale todo, e que poderá haber xente tan honrada coma el persoal e políticamente pero dubida que alguén poida se-lo máis.

O Sr. Sanmartín Soto, rógalle ao alcalde non proceder a xudicializar a política, manifesta as súas disculpas públicamente se o contido do escrito non foi o máis axeitado ou puidese dar lugar a interpretacións non adecuadas. Asimesmo comprométese a retirar o escrito das redes sociais, volvendo a solicitarlle disculpas ao Sr. Alcalde.

A sesión rematou ó fio das vinteunha horas cincuenta e cinco minutos. Dou fe.